

## 2. O contexto filosófico e cultural da obra de Kant

A filosofía de Kant débese enmarcar no contexto cultural da Ilustración. Este movemento cultural, que tivo lugar na época das revolucións liberais-burguesas, impregnou todas as producións culturais da época.

O propio Kant soubo captar o seu espírito e reflíxoo nun breve e interesante artigo titulado «Que é a Ilustración?». Nel di: «A Ilustración é a liberación do home da súa culpable incapacidade. A incapacidade significa a imposibilidade de servirse da súa intelixencia sen a guía doutro. Esta incapacidade é culpable porque a súa causa non reside na falta de intelixencia senón na falta de decisión e valor para servirse por si mesmo dela sen a tutela doutro. ¡Sapere aude! Ten o valor de servirse da túa propia razón: eis o lema da ilustración.»

Neste espírito, Kant fundou unha filosofía na cal a razón é o fundamento último do que emanan tanto os principios epistemolóxicos que nos permitirán alcanzar un coñecemento seguro da natureza como os principios éticos universais que deben rexir a acción moral do ser humano e a organización política da sociedade humana.

As principais influencias que recibiu a filosofía de Kant foron:

a) **O racionalismo.** Na súa primeira época Kant foi un filósofo racionalista. Estudou o racionalismo de Leibniz e Wolff, que eran os autores racionalistas máis en boga nos círculos académicos continentais. De Leibniz aceptou a corrección que este fixo do principio do empirismo formulado por Locke. O principio empirista rezaba así: «Nada hai no entendemento que non haxa sido recibido polos sentidos.» Leibniz engadira: «Excepto o propio entendemento.» Para Kant, efectivamente, no proceso do coñecemento debemos ter en conta a actividade propia do entendemento. Kant tamén mantivo algúns dos postulados básicos da ética racionalista, sendo partidario dunha ética universal derivada da razón humana.

b) **O empirismo.** A lectura de Hume despertou a Kant do seu «soño dogmático», é dicir, do soño racionalista de pretender coñecer realidades máis alá da experiencia e fundar incluso unha ciencia —a metafísica— sobre estas realidades. Seguindo a Hume, considerará que o coñecemento científico debe ter o límite na experiencia e que, por iso, a metafísica non é posible como ciencia. Pero Kant rexeitou a crítica de Hume ao principio de causalidade e admitiu a posibilidade dun coñecemento necesario sobre a natureza. A proba diso era Newton. Tampouco admitiu o emotivismo moral de Hume. Para Kant, os imperativos morais derivan da razón e teñen un carácter universal.

c) **A física de Newton.** A obra de Newton era a proba palpable da posibilidade de establecer leis de cumprimento universal que explicasen os fenómenos da natureza. Kant coñeceu —e admirou— os logros da física de Newton chegando á convicción de que no mundo físico rixe a máis estrita necesidade que a nosa razón está capacitada para descubrir. A física presentouse a Kant como o modelo de ciencia. Nel conjúganse tanto a actividade racional como a actividade empírica e experimental, imprescindibles ambas para alcanzar a verdade.

d) **A Ilustración.** As ideas ilustradas tamén tiveron reflexo na obra de Kant, principalmente en cuestións morais, políticas, históricas e relixiosas. A concepción do home de Rousseau

inspirou en parte a concepción kantiana sobre o ser humano. Ao igual que Rousseau, Kant ve ao ser humano como un ser sociable e insociable que debe lograr a súa autonomía e gobernarse a si mesmo. O progresismo ilustrado (apoiado nos espectaculares avances da ciencia e da técnica) leva a Kant a pensar que «a historia atópase nun progreso constante cara o mellor» e que tal progreso resulta inevitable. Así mesmo, os planteamentos racionalistas en cuestións relixiosas, como o deísmo defendido por Voltaire e outros, teñen reflexo na súa obra: Kant tamén foi da opinión de racionalizar a crenza relixiosa reducindo os dogmas da relixión a uns poucos postulados racionais.

e) **O Pietismo.** Kant foi educado no pietismo. Esta secta protestante predicaba unha moral baseada nas boas obras e non na piedade externa, rexeitaba os ritos, as cerimoniais e os intermediarios na relación entre o home e Deus. Esta relación debía ser, máis ben, directa, persoal e subjetiva. Todas estas ideas aparecen racionalizadas na ética kantiana, así como na súa defensa dunha relixión natural.

## 2. O «plan» da filosofía de Kant

Dous feitos producían a Kant asombro e admiración: o ceo estrelado sobre a súa cabeza e a lei moral no seu interior. Kant quería así manifestar o que para el era a contradición máis asombrosa que a realidade nos presenta: a coexistencia dun mundo físico rexido pola necesidade máis absoluta e a liberdade moral do ser humano. Como é posible que nun universo determinista exista, sen embargo, a liberdade da vontade humana? Que tipo de realidade especial é un ser humano? Esta é a gran pregunta da filosofía que, para Kant, implica responder a tres preguntas fundamentais:

a) **Que podemos saber os seres humanos?** Esta cuestión desglósase en outros dous estreitamente relacionados:

1. **Que podemos coñecer?** (problema gnoseolóxico).
2. **Que ciencias podemos facer?** (problema epistemolóxico).

b) **Que debemos facer?**, isto é, que facer coa nosa liberdade? Como debemos comportarnos? (problema ético).

c) **Que nos cabe esperar?**, cuestión que tamén se pode subdividir en dous:

1. **Que nos cabe esperar da Historia?** (problema do sentido da Historia).
2. **Que nos cabe esperar máis aló da vida?** (problema da crenza relixiosa).

As cuestións relativas ao coñecemento humano son resoltas por Kant na súa *Crítica da razón pura*. Nela conclúe que á razón teórica humana é imposible coñecer as realidades da metafísica, como o eu (e a súa liberdade), o mundo e Deus, que ata agora (e principalmente durante a Idade Media) serviran para dar sentido á vida humana e para resolver o resto das cuestións prácticas de tipo moral e político. Pero esta ignorancia acerca da existencia do eu, do mundo e de Deus non implica a súa negación. Non sabemos se somos un eu libre e inmortal, nin sabemos se existe Deus, pero tampouco sabemos que Deus non exista, nin que non sexan posibles a liberdade e a inmortalidade da alma.

As cuestións relativas á acción humana resólvenas Kant na *Crítica da razón práctica*. Nela, Kant conclúe que debemos obedecer á nosa conciencia moral e actuar perseguindo o ben moral, aínda que descoñecemos se Deus existe ou non. Igualmente, afirma que temos que postular fronte a escépticos, ateos, materialistas, fatalistas ou descreídos que hai moi boas razóns de tipo moral para supoñer que Deus existe e que somos un eu libre e inmortal.

As cuestións relativas ao sentido da Historia e a relixión resólvenas Kant en obras como *A paz perpetua* ou *A relixión dentro dos límites da razón*. Segundo Kant, debemos pensar (aínda que non poidamos probalo) que tanto a historia como a vida humana deben ter un sentido. A historia camiña entre contradicións cara ao cumprimento da lei moral que se concreta na consecución da paz e a liberdade. O ser humano pode racionalmente esperar unha vida eterna e inmortal máis aló desta vida.

#### **4. O problema do coñecemento humano: ¿que podemos coñecer?**

Cando Kant aborda o problema do coñecemento humano, atópase coas solucións opostas que ao longo da historia foron dadas por racionalismo e empirismo. Para o racionalismo, é posible un coñecemento independente da experiencia, mentres que para o empirismo, todo coñecemento debe proceder de forma ineludible da experiencia. Estas solucións conducían, á súa vez, a conclusións opostas sobre a posibilidade da metafísica como ciencia: mentres os racionalistas consideraban que a metafísica é posible, os empiristas negaban tal posibilidade.

#### **O PROCESO DO COÑECEMENTO HUMANO**

Kant distingue no proceso do coñecemento humano entre o que recibimos a través da nosa experiencia sensible (a materia do coñecemento) e o que pon o propio suxeito (a forma do coñecemento). O que coñecemos pola experiencia é sempre a posteriori, é dicir, é coñecido «despois de» a experiencia, mentres que a forma na que ordenamos a nosa experiencia é sempre a priori, é dicir, non depende da experiencia.

O coñecemento humano comeza cando a nosa sensibilidade recibe as impresións sensibles. A continuación, o suxeito, a través da súa sensibilidade, ordena no espazo e no tempo estas impresións. O resultado desta ordenación é o fenómeno. Esta primeira ordenación ou «síntese» (como a denomina Kant, pois aquí xa temos a intervención do a posteriori e do a priori) non é suficiente para que se produza o coñecemento. É necesario que ademais o suxeito, a través do entendemento, proceda a unha segunda ordenación, consistente na conceptualización da información empírica recibida. O entendemento humano procede entón a unha categorización ou conceptualización dos datos fenómenos. Esta é a segunda e definitiva «síntese» grazas á cal os fenómenos quedan explicados, categorizados, conceptualizados, e é entón cando se volven coñecidos.

Desta explicación do proceso do coñecemento humano derivase que:

1. O espazo e o tempo non son realidades obxectivas, absolutas, alleas ao suxeito, senón formas a priori da nosa sensibilidade:

- **Formas** porque non son materia do coñecemento, senón a maneira en que a nosa sensibilidade ordena as impresións que recibimos.
- **A priori** porque son independentes de toda experiencia.
- **Da sensibilidade humana** porque é esta facultade a que ordena sempre as impresións sensibles no espazo e no tempo.

O espazo e o tempo son tamén intuicións puras: son «intuicións» porque non son conceptos do entendemento que poidan aplicarse a unha diversidade de fenómenos —o espazo e o tempo son únicos—; son «puras» porque espazo e tempo están baleiros de contido, non son eles mesmos ningunha impresión concreta.

2. O entendemento aplica conceptos aos fenómenos e deste modo coñéceos. Tales conceptos poden ser de dous tipos: conceptos empíricos e conceptos puros ou categorías. Os chamados conceptos empíricos aplícanse a datos fenoménicos concretos que teñen o seu fundamento na experiencia e utilízanse para designar obxectos particulares percibidos, por exemplo, o concepto de árbore ou mesa. Os denominados por Kant conceptos puros ou categorías aplícanse a todo dato fenoménico e non proceden da experiencia, son a priori. Son formas a priori do entendemento humano. As categorías están baleiras de contido, pero sérvennos para ordenar e entender os fenómenos. Por exemplo, os conceptos ou categorías de «unidade», «pluralidade» ou «totalidade». Non significan nada, pero resultan aplicables a calquera fenómeno. Así podemos referirnos a «unha árbore», ou a «unha pluralidade de árbores», ou á «totalidade das árbores».
3. Para Kant non hai coñecemento humano se non hai conceptualización (ou categorización). Tal conceptualización ha de versar exclusivamente sobre os datos empíricos que a nosa sensibilidade nos proporciona. Ata que non aplicamos un concepto a un conxunto de datos empíricos (ao fenómeno) non o coñecemos en realidade.
4. O coñecemento humano só é posible co concurso da experiencia e do entendemento. Racionalismo e empirismo non explican satisfactoriamente o proceso do coñecemento humano: o racionalismo esquece a necesidade da actividade da experiencia, e o empirismo que o suxeito que coñece intervéen co seu entendemento no coñecido pola experiencia.

Kant estaba moi satisfeito coa súa explicación do coñecemento humano. Pensaba que era unha auténtica revolución en teoría do coñecemento equiparable á revolución que a demostración por Galileo da teoría heliocéntrica de Copérnico supuxo para a astronomía. Do mesmo xeito que Copérnico afirmou que non é o Sol o que xira arredor da Terra, senón a Terra a que xira arredor do Sol, Kant demostraría que no coñecemento non é o obxecto o que determina ao suxeito, senón o suxeito o que determina ao obxecto. Para Kant o suxeito non é un mero receptáculo pasivo da realidade fenoménica, senón un principio activo que

se proxecta sobre o obxecto coñecido, imprímelle os seus *a priori* e deste xeito chega a coñecelo.

#### **4. A imposibilidade da metafísica**

A teoría do coñecemento condúceo a Kant á conclusión de que só é posible o coñecemento da realidade fenoménica e que nos resulta imposible coñecer as realidades nouménicas, é dicir, aquelas realidades das que non temos coñecemento empírico, como Deus, o mundo e o Eu. Como é, entón, que temos na nosa mente a idea da súa existencia? Segundo Kant, é a nosa razón pura a que elabora estas ideas. Como o fai? Resposta: aplicando indebidamente as categorías do entendemento a realidades non fenoménicas. Vexámolo:

#### **A IDEA DE DEUS**

A razón busca un fundamento incondicionado de toda a realidade e elabora a idea de Deus. Pero non coñecemos tal realidade, senón só fenómenos condicionados uns a outros sen chegar a experimentar o fundamento incondicionado de todo. O Ser extramundano está totalmente fóra da serie dos fenómenos sensibles. Os argumentos sobre a existencia de Deus elaborados ata a data non os considera Kant probatorios. Clasifícaos en tres:

- O argumento ontolóxico non sería probatorio, pois supón que a existencia é unha perfección e, porén, pódese considerar a idea de algo perfecto sen que por iso exista.
- O argumento cosmolóxico, segundo o cal, se hai seres contingentes, ha de haber un ser necesario. Segundo Kant, conduce tras un pequeno rodeo ao argumento ontolóxico e non proba que tal ser necesario sexa Deus, é dicir, un Ser perfectísimo e realísimo.
- O argumento teleolóxico, segundo o cal, se hai orde no mundo e adecuación de medios a fins, ha de haber un ordenador. Para Kant, o argumento non conduce a un ser ordenador omnisciente, senón moi sabio, pois o mundo contén moito desorde. Por outro lado, o argumento non proba que ese Ser sexa creador, senón meramente ordenador do existente.

#### **A IDEA DO MUNDO**

Tamén a razón elabora a idea do mundo, supondo a existencia dun fundamento de todas as nosas impresións. Hai que distinguir entre o que é en si e o que é para min. Segundo Kant, só coñecemos o que é o mundo para o suxeito, pero non o que é en si o mundo independentemente do suxeito.

#### **A IDEA DA ALMA**

Finalmente, a razón elabora a idea de alma ou eu supondo un fundamento de todos os nosos procesos psíquicos. A razón considera que hai un eu ou alma que ten unha realidade substancial. Pero a alma ou eu non é algo fenoménico. Non coñecemos, pois, se se trata de algo real. Para Kant, a alma ou eu é máis ben unha magnitude lóxica, é dicir, o suxeito dos nosos xuízos e nada máis: unha realidade transcendental.

Sendo todas estas ideas o produto do uso indebido da razón e estando estas realidades fóra do alcance do coñecemento humano, non é posible unha ciencia sobre elas, por iso non é posible a metafísica como ciencia.

## 6. O problema da ciencia: que xuízos podemos formar?

A ciencia é para Kant o estudo da realidade fenoménica. Isto significa que se non coñecemos unha determinada realidade, nada científico podemos dicir sobre ela. Por este motivo, para Kant, os xuízos da metafísica (aqueles que se refiren a Deus —que estudaba a teoloxía—, aqueles que se refiren ao mundo como substancia —que estudaba a cosmología— ou aqueles que se refiren á alma —que estudaba a psicoloxía racional—) non forman parte dos xuízos da ciencia.

## A CLASIFICACIÓN DOS XUÍZOS

Kant clasifica os xuízos que poden formarse tendo en conta a súa forma e a súa materia.

### 1. Segundo a forma do xuízo:

- **Xuízos analíticos:** aqueles nos que o predicado está contido no concepto do suxeito. Basta con analizar o suxeito para comprender que o predicado lle convén. Non son extensivos, é dicir, non aumentan o noso coñecemento. Por exemplo: «O todo é maior que as súas partes».
- **Xuízos sintéticos:** aqueles nos que o predicado non está incluído no concepto do suxeito e non se deriva necesariamente deste. Son extensivos, é dicir, aumentan o noso coñecemento. Por exemplo: «A estatura media dos españois é de 1,70 m».

### 2. Segundo a materia do xuízo:

- **Xuízos *a priori*:** aqueles cuxo contido é independente da experiencia, teñen carácter necesario —sempre se cumpren— e son universais —non teñen excepcións—. Por exemplo: «O todo é maior que as súas partes». Este sería un xuízo *a priori* porque a súa verdade non depende da realidade, senón da súa coherencia interna.
- **Xuízos *a posteriori*:** aqueles cuxo contido depende da experiencia, teñen carácter probable e non son universais nin necesarios. Por exemplo: «A estatura media dos españois é de 1,70 m» sería un xuízo *a posteriori*, pois a súa verdade depende do que acontece na realidade.

Segundo Kant, tendo en conta esta clasificación, podemos formar tres tipos de xuízos:

1. **Xuízos analíticos**, que son sempre *a priori*, como «O todo é maior que as partes».
2. **Xuízos sintéticos**, que poden ser:
  - *A posteriori*, como «A altura media dos burgaleses é de 1,75 m». É sintético porque o predicado non está incluído no suxeito e *a posteriori* porque a súa verdade depende da experiencia. Estes xuízos non son universais nin necesarios, pois podería ser doutro xeito.
  - *A priori*, como «A liña recta é a distancia máis curta entre dous puntos». É sintético porque o predicado non se deriva necesariamente do suxeito e a

*priori* porque é universal e necesario, a súa verdade non depende da realidade.

## A POSIBILIDADE DA FÍSICA E DAS MATEMÁTICAS

Os xuízos sintéticos *a priori* son a gran novidade da clasificación kantiana fronte á de Hume. Para o filósofo escocés, os enunciados só poden ser de dous tipos: ou *relacións de ideas (analíticos a priori)* ou *cuestións de feito (sintéticos a posteriori)*. Isto levou a Hume á conclusión de que o noso coñecemento dos feitos é sempre probable, xa que a súa verdade depende da experiencia, e non sería contradictorio nin improbable que os feitos se desen doutro xeito no futuro.

Para Kant, con todo, hai un terceiro tipo de xuízos que aumentan o noso coñecemento da realidade fenoménica e son, ao mesmo tempo, universais e necesarios. Estes son os *xuízos sintéticos a priori*, que, ao informarnos da realidade fenoménica dun modo necesario e universal, son os enunciados característicos das ciencias. Só as matemáticas e a física son capaces de elaborar este tipo de xuízos e, por iso, só estas ciencias poden achegarnos un coñecemento científico universal e necesario. Ambas cumpren as dúas condicións do coñecemento científico:

1. **Condicións empíricas:** a ciencia debe tratar realidades fenoménicas, cognoscibles empiricamente polo suxeito.
2. **Condicións *a priori*:** a ciencia debe establecer verdades universais e necesarias sobre a realidade fenoménica.

## O PRINCIPIO DE CAUSALIDADE

Tomemos como exemplo o principio de causalidade. Para Kant, trátase dun *xuízo sintético a priori* da física e non dun *xuízo sintético a posteriori* (unha cuestión de feito probable) como pretendía Hume. Segundo Kant, a afirmación «todo efecto debe ter unha causa que o produce» é universal e necesaria.

O feito de que non poidamos demostrar racionalmente que no futuro se manterán as relacións causais que observamos no pasado (por exemplo, que cando chove a terra se molla) non implica que no futuro, aínda que se rompan esas relacións causais habituais (que a terra non se mollase coa chuvia), non haxa unha causa para tal fenómeno. Sempre haberá unha causa para calquera efecto, sexa cal for.

Segundo Kant, o que Hume confunde é o principio xeral da causalidade, que sempre funcionará, coas leis causais particulares. Se estas últimas deixasen de cumprirse (por exemplo, se a auga non mollase a terra), non deixaría de existir unha causa para ese sorprendente fenómeno, pois a lei xeral da causalidade é unha regra que o noso entendemento aplica sempre aos fenómenos da nosa experiencia. É, non o esquezamos, unha das categorías do entendemento. Nunca poderemos entender a realidade fenoménica sen as categorías de causa e efecto.

## A IMPOSIBILIDADE DA METAFÍSICA COMO CIENCIA

De todo o anterior dérivase novamente que a metafísica non pode ser considerada unha ciencia. A metafísica é incapaz de elaborar xuízos sintéticos *a priori*. As ideas da razón non son realidades fenoménicas, polo tanto, os xuízos elaborados sobre estas realidades non cumpren coas condicións dos xuízos científicos: non son xuízos sintéticos, pois non nos proporcionan ningún coñecemento sobre a realidade fenoménica, e tampouco son *a priori*, pois non son universais e necesarios.

Esta negación da metafísica *transcendente* (que é a que afirma e estuda a existencia de realidades transcendentais como Deus, a alma e o mundo) non implica para Kant que non poida facerse unha metafísica *transcendental*, é dicir, unha teoría do coñecemento que estude as condicións subxectivas —transcendentais— do coñecemento humano. Pero que non poidamos coñecer as realidades nouménicas non quere dicir que estas realidades non existan. Moi ao contrario, segundo Kant, temos boas razóns de tipo moral para supoñer que estas realidades existen.

## 7. CONSECUENCIAS DA TEORÍA KANTIANA DO COÑECEMENTO

Da teoría do coñecemento kantiana derivaríanse as seguintes consecuencias filosóficas:

1. **O subxectivismo.** Para Kant, é o suxeito quen prescribe ao obxecto determinadas cualidades ao coñecelo. Sitúao no espazo e no tempo, e ademais conceptualízao. Non podemos, en realidade, dicir que coñecemos o obxecto tal como é, senón tal como nós o entendemos.
2. **O fenomenalismo.** A única realidade que podemos dicir que coñecemos é a dos fenómenos. Se detrás do fenoménico hai ou non hai un fundamento nouménico, non podemos sabelo. O noso coñecemento só alcanza os fenómenos.
3. **O idealismo transcendental.** A realidade que podemos coñecer que existe é a das impresións sensibles recibidas e a do entendemento que as recibe. Hai, pois, suxeito e impresións. O que estea máis aló do suxeito (o transcendente ao suxeito) non o coñecemos. Só coñecemos o transcendental, é dicir, o inmanente ao suxeito.
4. **O criticismo.** A teoría do coñecemento debe formularse como unha crítica da razón pura e debe delimitar que pode ser coñecido e que non pode selo. Debe ser unha crítica ás excesivas pretensións da metafísica transcendental.

## 8. O PROBLEMA ÉTICO: COMO DEBEMOS COMPORTARNOS?

Kant aborda o problema ético en dúas obras principais: *Crítica da razón práctica* e *Fundamentación da metafísica das costumes*.

## ÉTICAS MATERIAIS E ÉTICA FORMAL

En xeral, as solucións ao problema ético dadas polas filosofías precedentes a Kant cifraban o obxectivo da acción humana na felicidade. Cada unha destas éticas tiña unha idea distinta da felicidade e propoñía diferentes modos de acción humana para acadala. Por exemplo, para o epicureísmo a felicidade estaba no pracer, para o estoicismo no dominio das paixóns, e para Aristóteles no desenvolvemento das nosas capacidades naturais, particularmente o desenvolvemento da nosa racionalidade.

Todas estas éticas caracterízanse, segundo Kant, por ser:

1. **Éticas a posteriori**, pois establecen os bens que debemos perseguir, así como os medios que debemos empregar para logralos, a partir da experiencia. Son éticas empíricas que non poden pretender ser universalmente válidas, pois a experiencia móstranos unha enorme variedade de fins que os seres humanos perseguen e que por si mesmos non aseguran que se cumpra o deber moral.
2. **Éticas egoístas**, pois os que actúan seguindo as súas indicacións fáno por interese en lograr a súa felicidade e non porque sexa un deber moral ineludible actuar ben.
3. **Éticas que formulan mandatos hipotéticos**, é dicir, condicionais, pois vinculan a corrección moral á bondade do fin perseguido. Os enunciados morais destas éticas son do seguinte tipo: «se queres A, fai B». «B» resulta bo se o que queremos é lograr «A». Así, por exemplo, se o fin perseguido é a tranquilidade, entón será bo non complicarse a vida. Pero, isto é moral?
4. **Éticas heterónomas**, pois os seus criterios morais non están dados polo propio suxeito senón por instancias alleas ao suxeito, xa sexa o costume establecido, a autoridade dalgunha relixión ou a sociedade.

Fronte a este tipo de éticas materiais, Kant propón unha ética formal, é dicir, unha ética que non estableza un ben concreto a perseguir, senón o modo en que debemos actuar para que a nosa acción se realice de acordo co deber moral e non en razón do fin a alcanzar. A ética ha de ser para Kant:

- a) **A priori**: os mandatos morais non poden derivarse da experiencia senón da razón. A experiencia infórmanos do que sucede, que en moitas ocasións non é o que debería suceder.
- b) **Desinteresada**: a actuación moral non debe realizarse en vistas a ningunha finalidade particular, pois entón sería unha ética egoísta.
- c) **Ha de formular imperativos categóricos**, é dicir, mandatos morais válidos para todos e incondicionados. Débese actuar por deber e só por deber.
- d) **Ha de ser autónoma**: ha de ser o propio suxeito quen, utilizando a súa razón, descubra o deber por si mesmo, sen necesidade de supeditarse a códigos morais alleos ao suxeito.

### O «SER» E O «DEBER SER»

Segundo Kant, hai que distinguir entre o que é e o que debe ser. Non podemos decidir que é o bo e o malo tendo en conta o que sucede, senón o que debería suceder. Esta é a única maneira de elaborar unha ética universal válida para todos. O que debe ser non pode derivarse da experiencia, do que é ou sucede. A experiencia dinos, por exemplo, que o egoísmo é a lei de comportamento natural dos seres humanos. Pero o feito de que sexamos

egoístas non lle resta nin un ápice de valor á lei moral, que manda non ser egoístas e buscar o interese de todos.

Aínda que vivísemos nunha sociedade depravada na que todos se matasen entre si á menor oportunidade, iso non implicaría que o asasinato fose moralmente aceptable; pola contra, tal acción sempre debería considerarse como unha vulneración da lei moral que manda respectar a vida. O que está ben ou mal non pode establecerse en razón do que sucede —a posteriori—, senón que debemos establecelo en vistas ao que debería suceder —é dicir, a priori—.

Ademais, o deber ha de cumprirse por si mesmo. Debemos actuar **por deber**, non simplemente **conforme ao deber**, e nunca en vistas ao beneficio que poida reportarnos a nosa acción —nin sequera a felicidade—, pois a actuación moral auténtica non pode en ningún caso ser interesada, xa que o egoísmo é moralmente reprobable. Como poderíamos soste a validez universal dunha ética egoísta? Así pois, a nosa vontade, para axustarse ao deber, debe querer o seu cumprimento independentemente das consecuencias que nos reporte. Debemos cumprir cos mandatos da moral, aínda que iso prexudique os nosos intereses particulares, e nunca debemos pretender obter un beneficio das nosas actuacións morais.

Por iso, para Kant, a moralidade das accións ten máis que ver coa intención do que actúa, coa súa boa vontade, que coas consecuencias dos seus actos. Se a consecuencia do noso cumprimento do deber é a felicidade, esta debemos tomala como unha consecuencia non buscada. O cumprimento do deber o único que asegura é a dignidade de quen así actúa.

### **O «IMPERATIVO CATEGÓRICO»**

Pero en que consiste actuar por deber? Para Kant, o criterio que establece cal é o deber ha de ser un criterio universal, válido para todos, independente dos intereses particulares, e ha de derivarse da nosa razón. Tal criterio moral é o «imperativo categórico», que manda actuar dun modo determinado e incondicional.

Dito imperativo fórmase en termos de: «Nunca debo obrar se non é querendo que a máxima da miña actuación poida converterse en lei universal.» É dicir, debemos actuar sempre de modo e maneira que a norma que seguimos na nosa actuación poida converterse en norma de conduta universal. A aplicación deste imperativo ha de facela cada quen en cada circunstancia, pero a solución ha de ser a mesma para todos. Debemos pensar que o válido para min, para cada un, ha de ser válido para todos. A nosa actuación será por deber se actuamos cumprindo con este imperativo.

Kant pon varios exemplos de aplicación do imperativo categórico:

— **Non sería moral o suicidio**, aínda que a persoa se atope nunha situación de vida penosa, pois tal solución particular non podería valer como lei universal. Iso implicaría que o interese de acabar co sufrimento particular valería como lei universal e xustificaría terminar con calquera vida, dado calquera interese. A lei moral universal nunca pode supeditar a vida humana a ningún interese, pois debe respectarse toda vida, incluída a propia, sexan cales sexan as circunstancias.

— **Tampouco sería moral mentir**, pois tal actuación non podería valer como lei universal. Suporía instaurar o principio do propio interese e do propio beneficio. Ninguén pode querer que tal principio sexa unha lei universal de conduta.

— **Non esforzarse en desenvolver as disposicións naturais de cada un** —aínda que se teñan satisfeitas as necesidades— tamén sería moralmente reprobable, pois non podería valer como lei universal. Que pasaría se todos decidisen non esforzarse? Ninguén pode querer que tal máxima de conduta se converta en lei universal.

— **Negarse a axudar os demais** suporía que non poderíamos esperar axuda de ninguén. Ninguén quere que tal norma sexa unha lei universal.

Así pois, o «imperativo categórico» manda o que é bo para todos, para a humanidade, non para algúns poucos ou para un mesmo. Kant tamén o formula doutro modo: «Obra de tal xeito que uses a humanidade, tanto na túa persoa como na persoa de calquera outro, sempre como un fin e nunca meramente como un medio.» Esta formulación subliña a necesidade universal de considerar os demais como suxeitos e nunca como obxectos.

Finalmente, Kant considera que todo ser humano está capacitado para determinar racionalmente cal é o deber, aínda que a súa actuación non sexa conforme ao deber. Ata o máis sanguinario dos criminais sabe que non actúa ben. A súa actuación non está rexida polo deber, senón polo seu interese particular e, por iso, é moralmente reprobable.

## OS POSTULADOS DA RAZÓN PRÁCTICA

Porén, toda acción moral atópase cunha dificultade filosófica que Kant non elude. Como podemos ser moralmente responsables do que facemos se a nosa acción se desenvolve nun mundo rexido pola máis absoluta das necesidades? Como seres naturais que actuamos no mundo natural, estamos determinados polas leis causais que gobernan a natureza. Pero se non somos libres, a moral carece de fundamento.

Para Kant, esta contradición é irresoluble, pero, a efectos prácticos, debemos supoñer que somos libres e que a nosa vontade actúa libremente. Tampouco temos unha certeza científica en sentido contrario. A liberdade, malia que non saibamos como, é posible. Pero, cando actuamos libremente? Para Kant, a verdadeira acción libre dáse cando actuamos segundo os imperativos da moralidade, xa que é precisamente cando facemos o que debemos cando nos elevamos por enriba das leis da natureza. «Fago o que quero» equivale en moitas ocasións, segundo Kant, a «hago o que o corpo me pide». É dicir, son escravo do corpo e das súa inclinacións. Só cando fago o que debo facer, malia que o corpo non mo pida, entón son verdadeiramente libre. Esta é a auténtica liberdade (**liberdade positiva**), que hai que distinguir da mera posibilidade de poder actuar sen vernos obrigados contra a nosa vontade (**liberdade negativa**).

A liberdade humana é un dos presupostos da moral, pero non é o único. Non tería sentido que o incumprimento das leis morais non tivese ningunha consecuencia. Debemos supoñer que o incumprimento do deber moral debe ter unha sanción e que o cumprimento do deber moral debe ter unha recompensa. Ademais, debemos pensar que finalmente se logrará o ben e que o mal non triunfará. Para que tal triunfo sexa posible é necesario que Deus exista

e que nós sexamos inmortalis. A racionalidade destes tres postulados da razón práctica explícaa Kant do seguinte xeito:

a) **A liberdade.** Aínda que non podemos establecer cientificamente se somos un eu libre, a efectos prácticos debemos supoñer que somos un eu e que somos libres. Se non fósemos un eu libre, a esixencia de actuar por deber non tería ningún sentido. Se debo facer pero podo non facer, entón son libre.

b) **A inmortalidade da alma.** A perfección moral é inalcanzable totalmente nesta vida, necesitamos outra vida para lograr a plena perfección moral. Por outra banda, as accións moralmente reprobables non poden quedar impunes —debe haber premio e castigo para que a lei moral triunfe finalmente— e iso require que o eu sexa inmortal.

c) **A existencia de Deus.** Aínda que non podemos demostrar racionalmente se Deus existe ou non, tampouco podemos negar a súa existencia. O argumento de Hume sobre a contradicción entre a existencia dun Deus bo, todopoderoso e omnisciente, xunto coa existencia do mal no mundo, non demostra que Deus non exista. Segundo Kant, Deus podería ter prevista unha felicidade eterna para todos os que sofren, precisamente por teren padecido inxustamente. A cuestión, desde o punto de vista da ciencia, atópase indeterminada e sen solución. Tanto os que afirman como os que negan a existencia de Deus apelando á ciencia son, para Kant, dogmáticos. O que si podemos facer, dado que dispoñemos dunha conciencia moral, é supoñer a efectos prácticos que Deus existe, pois, doutro xeito, a acción moral carecería de sentido: non se podería asegurar o triunfo do ben sobre o mal, nin tampouco as sancións e as recompensas que cada quen merece pola súa acción moral nesta vida. Só se existe unha Razón Suprema, un **Sumo Ben**, unha Entidade na que ser e deber ser se identifiquen, haberá plenas garantías de que o ben moral se logre e de que teña sentido actuar conforme á moral. Deus é a garantía de que a virtude será premiada coa felicidade eterna que lograremos se cumprimos co noso deber.

Así pois, non é irracional crer na existencia de Deus, na inmortalidade da alma e noutras afirmacións que fai a relixión, como a existencia dun premio ou dun castigo no máis alá. Tales supostos son elaborados pola nosa «razón práctica» e xustificanse plenamente, aínda que por medio da nosa «razón teórica» non podamos demostrar ningún deles.

## **A RESTAURACIÓN DO RACIONALISMO NA ÉTICA KANTIANA**

Kant logra restablecer o racionalismo ético fronte ao emotivismo moral de Hume. Pero este racionalismo ético é un racionalismo de novo cuño. As súa afirmacións fundamentais serían:

1. Non é o sentimento que nos produce a experiencia das nosas accións o que establece a moralidade das accións, senón a razón a priori, independentemente de toda experiencia.
2. Os mandatos morais concretos non están dados, senón tan só o criterio moral —formalismo— que o suxeito debe aplicar e que non é outro que cumprir co imperativo categórico.
3. A moral ten un carácter universal, pois os seus mandatos deben ser válidos para todos.

4. A moral debe ter un carácter necesario e non depender do que cada quen sinta ou experimente como agradable, pois os mandatos morais non dependen de consideracións subxectivas.

## **Influencia e importancia da filosofía de Kant**

*En xeral, a filosofía de Kant mantén, baixo novos presupostos, as principais crenzas que viñan configurando o pensamento occidental: a existencia de Deus, a posibilidade de establecer unha orde moral e política universal, a racionalidade da fe relixiosa e a crenza no progreso e na existencia dun plan providente en todos os acontecementos. Non obstante, estas ideas teñen agora un novo fundamento: o propio suxeito e a súa razón.*

*Para Kant é o suxeito quen establece desde si mesmo a orde moral universal e común a todos; é o suxeito quen postula a racionalidade práctica da existencia de Deus e da crenza relixiosa; é o suxeito quen descobre a súa propia liberdade, que debe plasmarse nunha orde política decidida por todos e non imposta por uns poucos; e, finalmente, é o suxeito quen albisca unha finalidade en todo, que non é outra que o cumprimento dos fins morais da humanidade.*

A filosofía kantiana tamén tivo os seus críticos. A **Hegel** pareceulle que a escisión da realidade entre o que se pode coñecer (o fenoménico) e o que non se pode coñecer (o nouménico) limitaba en exceso a capacidade da razón humana e as posibilidades da filosofía.

Para **Nietzsche**, a interiorización da moral e da relixión proposta por Kant, lonxe de conducirnos a un relativismo de valores, mantén no substancial os mandatos morais do cristianismo facéndoos, se cabe, máis eficaces, pois é o propio suxeito quen se ve obrigado pola súa propia conciencia a cumprilos.

A filosofía de Kant tivo grande influencia na filosofía contemporánea, principalmente no campo da ética e da política. Autores como **J. Rawls** ou **J. Habermas** utilizárona para tratar de fundamentar sistemas xustos de convivencia política. Lonxe de acudir á aritmética dos votos, estes autores propugnan acordos racionais derivados da razón humana individual que fai o esforzo de pensar en clave universal. Cal sería o sentido do meu voto se, en vez de votar tendo en conta os meus intereses, tivese en conta o conveniente para todos, é dicir, aquilo que puidese servir como lei universal? Este plantexamento derivado do imperativo categórico kantiano foi enormemente fecundo para a filosofía moral e política contemporánea e pode axudar a resolver moitos conflitos.

Tamén a idea kantiana dun **Estado mundial** foi moi influente. Inspirou movementos políticos como o da **Unión Europea** e é frecuentemente reivindicada nos nosos días por quen quere un incremento do poder das organizacións internacionais (como a **ONU**) para lograr unha orde internacional pacífica.